

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### 109 RESIDENTES ESCOLLEN A ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO E BARBANZA PARA REALIZAR A SÚA FORMACIÓN

- Deles, 30 son MIR de Medicina de Familia e Comunitaria e 12 Enfermeiras Internas Residentes
- Os números máis baixos que escolleron Santiago foron Medicina Interna (co nº33) e Cardioloxía (nº60)
- O servizo de Farmacia acolle ao número 7 e o de Radiofísica o 2 da súa especialidade

**Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2022.-** Os hospitais e centros de saúde da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza reciben 109 novos residentes de distintas especialidades médicas, así como de psicoloxía, farmacia, física, bioloxía e de enfermería (distribuídos en 3 especialidades: 8 de enfermería de atención familiar e comunitaria, 2 enfermería de pediatría e 2 de saúde mental).

O alumno co mellor expediente que seleccionou a área compostelá, escolleu Medicina Interna con número 33 e Cardioloxía con 60. Das especialidades non médicas cómpre destacar: co número 2 Radiofísica e co 7, Farmacia.

A especialidade que máis residentes incorpora é Medicina de Familia que pasou a 30 residentes, seguida de Anestesia e Pediatría (6).

A xornada de recepción celebrouse a primeira hora da mañá no edificio Novoa Santos e alí estiveron a Xerente de Área Integrada de Santiago, Eloína Núñez, o Decano da Facultade de Medicina, Julián Álvarez, o subdirector de Enfermería da área compostelá, Felipe García, o Presidente da Comisión de Docencia, Rogelio Leira, e o Xefe de Estudos da Unidade Docente de Medicina de Familia e Comunitaria, Sergio Cinza.

A Xerente da área sanitaria de Santiago, Eloína Núñez, dirixiuse aos asistentes para darlles a benvida e agradecerlles ter escollido os centros composteláns para desenvolver a súa especialidade. Aconselloulles aproveitar o potencial asistencial, docente e investigador desta área. Rematou a súa intervención desexando unha feliz residencia a todos.

**Saúdos,**